



CONCELLOS

BARREIROS

Anuncio

LISTA PROVISIONAL DE ADMISIÓN E EXCLUSIÓN DOS PROCESOS SELECTIVOS EXCEPCIONAIS DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACION PARA O INGRESO EN PRAZAS DE PERSOAL LABORAL FIXO NO CONCELLO DE BARREIROS INCLUÍDAS NA OEP 2022, COTA XERAL E DE RESERVA A PERSOAS CON DISCAPACIDADE, SISTEMA DE CONCURSO, ACCESO LIBRE.

Transcurrido o prazo outorgado para a presentación de instancias para a participación nos procesos selectivos excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración para o ingreso en prazas de persoal laboral fixo no concello de Barreiros incluídas na OEP 2022, cota xeral e de reserva a persoas con discapacidade, sistema de concurso, acceso libre, RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a seguinte lista provisional de persoas admitidas e excluídas para cada un dos postos de traballo ofertados, coa indicación das causas de exclusión:

POSTOS COTA XERAL:

1 TECNICO/A INFORMÁTICO/A:

ADMISIÓN:

Nome e apelidos	DNI
MARIA ANGELES LOSADA SANCHEZ*	***5637**
MANUEL PÉREZ PÉREZ	***3539**

* Maria Angeles Losada Sanchez non acredita estar en posesión do Celga 4 ou perfeccionamento de galego polo que terá que facer a proba de galego ou ben acreditar esta titulación neste prazo de subsanación de solicitudes.

1 CAPATAZ DE INCENDIOS:

ADMISIÓN:

Nome e apelidos	DNI
JOSE MANUEL DIAZ LEIVA	***9223**
JESUS MARTINEZ SALGADO	***3820**
MICHAEL OTERO FOLGUEIRA	***8351**

1 RESPONSABLE DE SERVIZOS MÚLTIPLES:

ADMISIÓN:

Nome e apelidos	DNI
MICHAEL OTERO FOLGUEIRA	***8351**

1 OFICIAL DE EDIFICIOS:**ADMISIONS:**

Nome e apelidos	DNI
OSCAR DOCE VEGA	***3757**
JOSE ANTONIO LOPEZ CABANAS	***9152**
JOSE BENITO LOPEZ MARTINEZ	***9387**

EXCLUSIONES:

Nome e apelidos	DNI	Causa da exclusión	
DIEGO GARCÍA COUSO	***5979**	Non acredita coñecementos nin experiencia nos traballos de: pintor, albanel, carpintería, electricidade,...	Emendable

2 OFICIAL DO SERVIZO DE AUGAS:**ADMISIONS:**

Nome e apelidos	DNI
LUIS ALBERTO BLASCO DIAZ	***6476**
RAFAEL GOMEZ SANCHEZ	***6613**
JOSE NOGUEIRA RODRIGUEZ	***6512**
JUAN CARLOS VALEA PEREZ	***9743**

2 OPERARIO/A DE SERVIZOS MÚLTIPLES:**ADMISIONS:**

Nome e apelidos	DNI
NAZARET ALVAREZ VAZQUEZ	***3983**
LUIS ALBERTO BLASCO DIAZ	***6476**
MOISES CHAO FERNANDEZ	***4524**
OSCAR DOCE VEGA	***3757**
EDELMIRO GARCIA FRANCO	***5177**
VERONICA GASALLA LASTRA	***9970**
TIAGO ALEXANDRE GOMES ALVAREZ	***2213**
RAFAEL GOMEZ SANCHEZ	***6613**
JOSE ANTONIO LOPEZ CABANAS	***9152**
JOSE BENITO LOPEZ MARTINEZ	***9387**
PEDRO PENA FERNANDEZ	***5873**
MANUEL PEREZ AMOR	***6549**

JOSE ANTONIO SANCHEZ GARCÍA*	***5454**
MICHAEL OTERO FOLGUEIRA	***8351**
MAXIMILIANO VILASECA SANCHEZ	***1415**

*Jose Antonio Sanchez García, non acreditan estar en posesión do Celga 2 ou iniciación de galego polo que terá que facer a proba de galego ou ben acreditar esta titulación neste prazo de subsanación de solicitudes.

1 OPERARIO/A DO SERVIZO DE AUGAS:

ADMISIÓN:

Nome e apelidos	DNI
RAFAEL GOMEZ SANCHEZ	***6613**
ALVARO PICO EXPOSITO	***6647**
JOSE ANTONIO SANCHEZ GARCÍA*	***5454**

*Jose Antonio Sanchez García, non acreditan estar en posesión do Celga 2 ou iniciación de galego polo que terá que facer a proba de galego ou ben acreditar esta titulación neste prazo de subsanación de solicitudes.

1 LIMPEZA DE EDIFICIOS:

ADMISIÓN:

Nome e apelidos	DNI
ALICIA ACEVEDO FERNANDEZ	***9471**
NAZARET ALVAREZ VAZQUEZ	***9838**
ROSA BOUZAS VAZQUEZ	***9710**
REMEDIOS CASTOSA VEIGA	***2523**
NAYIBIS COROMOTO DIAZ AMARIS*	****7609*
ROSA MARIA DORADO RODRIGUEZ	***9446**
MARIA JOSEFA FERNANDEZ ARMESTO	***6556**
VERONICA GASALLA LASTRA	***9970**
JOSE ANTONIO SANCHEZ GARCÍA*	***5454**

*Nayibis Coromoto Diaz Amaris e Jose Antonio Sanchez García, non acreditan estar en posesión do Celga 2 ou iniciación de galego polo que terán que facer a proba de galego ou ben acreditar esta titulación neste prazo de subsanación de solicitudes.

1 COCIÑEIRO/A ESCOLA INFANTIL:

ADMISIÓN:

Nome e apelidos	DNI
VERONICA PARDEIRO CASERIO	***8050**
RITA MARIA BOUZA CASTRILLON	***9720**
TATIANA PEREZ SAMPEDRO	***5803**

EXCLUSIÓNS:

Nome e apelidos	DNI	Causa da exclusión	
YOVANA IGLESIAS LORENZO	***8019**	Non presenta certificado negativo de antecedentes de delitos de natureza sexual	Emendable

1 AUXILIAR ESCOLA INFANTIL**ADMISIÓNS:**

Nome e apelidos	DNI
SILVIA FERNANDEZ PRADA	***9489**
VANESA LOPEZ RODRIGUEZ	***4202**
JOSEFA LUENGO EDROSA	***4778**
DIEGO PEREZ DOPICO	***1454**
LUCIA PEREZ SAMPEDRO	***3142**
TATIANA PEREZ SAMPEDRO	***5803**
RAQUEL DOUTO FERNANDEZ	***8108**
ELENA VAZQUEZ RIVAS	***5234**
MARIA DEL PILAR YAÑEZ FERNANDEZ	***9401**

EXCLUSIÓNS:

Nome e apelidos	DNI	Causa da exclusión	
SARA GONZALEZ LOPEZ	***0744**	Non presenta certificado negativo de antecedentes de delitos de natureza sexual	Emendable

1 EDUCADOR/A FAMILIAR**ADMISIÓNS:**

Nome e apelidos	DNI
ROSA MARIA FERNANDEZ EIJO	***9467**
VANESA FERNANDEZ FERNANDEZ	***7933**
LIA REGO CASTRILLON	***8147**

2 LIMPEZA COLEXIOS**ADMISIÓNS:**

Nome e apelidos	DNI
ALICIA ACEVEDO FERNANDEZ	***9471**
ROSA BOUZAS VAZQUEZ	***9710**
MARIA LUISA CASTOSA VEIGA	***9208**
VERONICA GASALLA LASTRA	***9970**

VERONICA PARDEIRO CASERIO	***8050**
LUCIA PEREZ SAMPEDRO	***3142**
TATIANA PEREZ SAMPEDRO	***5803**

EXCLUSIÓNS:

Nome e apelidos	DNI	Causa da exclusión	
NAZARET ALVAREZ VAZQUEZ	***9838**	Non presenta certificado negativo de antecedentes de delitos de natureza sexual	Emendable
NAYIBIS COROMOTO DIAZ AMARIS*	****7609*	Non presenta certificado negativo de antecedentes de delitos de natureza sexual	Emendable
JOSE ANTONIO SANCHEZ GARCÍA*	***5454**	Non presenta certificado negativo de antecedentes de delitos de natureza sexual	Emendable

17 AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR**ADMISIÓNS:**

Nome e apelidos	DNI
DELFINA ALONSO REAL	***1641**
JOSE MANUEL ALVAREZ GARCIA	***1524**
NAZARET ALVAREZ VAZQUEZ	***3983**
MARIA BARBEITO GARCÍA	***0746**
JOANICE BARROS MESQUITA	***5371**
JOSE LUIS BASULTO RUIZ	***4972**
MARIA REMEDIOS CANDIA RIVAS	***4966**
MARIA DEL CARMEN CASERIO OTERO	***0539**
SONIA DIAZ MENDEZ	***8042**
LORENA FERNANDEZ REDONDO	***4972**
SARITA FERRER CAMPOS	***2419**
BLANCA MARIA GARCIA GONZALEZ	***9697**
VERONICA GASALLA LASTRA	***9970**
AMALIA JARTIN BAUTISTA	***4516**
RAQUEL LOPEZ FERNANDEZ	***9216**
MARIA JOSE LOPEZ RODRIGUEZ	***9258**
MARIA TERESA MARADONA BERMUDEZ	***6548**
MARIA GORETTI MARTINEZ DIAZ	***9669**

IVONILDA MESQUITA DE JESUS	***2574**
MARIA MONTSERRAT OTERO CODESAL	***5667**
MARIA ESTHER PUENTE DIAZ	***0270**
MARIA CARMEN RIVAS RODRIGUEZ	***9237**
MARIA CARMEN RIVAS VALEA	***9498**
ANGELA MARIA ROCHA LEITON	***0371**
CRISTINA SANJURJO RODRIGUEZ	***8339**
RAQUEL SANTOR POSADA	***3538**
VANESA SUAREZ RODRIGUEZ	***8534**
JENNIFER VALIÑA SANTE	***8237**

1 CONSERXE COLEXIO SAN MIGUEL**ADMISIÓN:**

Nome e apelidos	DNI
ALICIA ACEVEDO FERNANDEZ	***9471**
LUIS ALBERTO BLASCO DIAZ	***6476**
SILVIA FERNANDEZ PRADA	***9489**
ARTURO FERNANDEZ VILLARINO	***9210**
MARIA NELIDA GARCÍA FERNANDEZ	***3829**
VERONICA GASALLA LASTRA	***9970**
RAFAEL GOMEZ SANCHEZ	***6613**
TAMARA IGLESIAS MARTINEZ	***8231**
VANESA LOPEZ RODRIGUEZ	***4202**
JOSEFA LUENGO EDROSA	***4778**
LUCIA PEREZ SAMPEDRO	***3142**
TATIANA PEREZ SAMPEDRO	***5803**
MARIA PALOMA QUELLE ARAMBURU	***9418**
ELENA VAZQUEZ RIVAS	***5234**

EXCLUSIÓN:

Nome e apelidos	DNI	Causa da exclusión	
MIGUEL RODRIGUEZ CABAÑAS	***3652**	Non presenta certificado negativo de antecedentes de delitos de natureza sexual	Emendable

JOSE ANTONIO SANCHEZ GARCÍA*	***5454**	Non presenta certificado negativo de antecedentes de delitos de natureza sexual	Emendable
------------------------------	-----------	---	-----------

1 TÉCNICO/A SANITARIO/A DO POSTO DE PRIMEIROS AUXILIOS**ADMISIÓN:**

Nome e apelidos	DNI
MARIA YOLANDA PEREIRA DOMINGUEZ	***3800**

EXCLUSIÓN:

Nome e apelidos	DNI	Causa da exclusión	
ANTIA GOMEZ PÉREZ	***2352**	Non acredita estar en posesión da titulación requerida.	Emendable

6 SOCORRISTAS**ADMISIÓN:**

Nome e apelidos	DNI
DAVID BECERRA RODRIGUEZ	***9096**
LIDIA MARIA ROMERO BARRAGÁN	***4327**

*Lidia María Romero Barragán, non acredita estar en posesión do Celga 2 ou iniciación de galego polo que terán que facer a proba de galego ou ben acreditar esta titulación neste prazo de subsanación de solicitudes.

EXCLUSIÓN:

Nome e apelidos	DNI	Causa da exclusión	
IVAN ALVAREZ PEÑA	***1921**	Non acredita estar inscrito no Rexistro de socorristas de espazos acuáticos naturais da Xunta de Galicia.	Emendable
CARLA GARCÍA SANTE	***2220**	Non acredita estar inscrito no Rexistro de socorristas de espazos acuáticos naturais da Xunta de Galicia.	Emendable

POSTOS COTA DE RESERVA A PERSOAS CON DISCAPACIDADE:**1 AUXILIAR DE CULTURA**

Nome e apelidos	DNI
MARIA ESTRELLA GOAS LÓPEZ	***9960**

1 OPERARIO/A DE SERVIZOS MÚLTIPLES

Nome e apelidos	DNI
JAVIER RODRIGUEZ RAÑÓN	***9213**

1 LIMPEZA DE EDIFICIOS

Para esta praza non houbo ningunha solicitude polo que incrementaría o número de prazas de limpeza de edificios da cota xeral, que pasaría de 1 a 2.

Segundo.- Contra esta resolución que aproba a lista provisional de admisións e exclusións as persoas excluídas ou que non figuren en ningunha das listas (nin como admisións nin exclusións) poderán pesentar alegacións ou documentación complementaria no prazo de 5 días hábiles (non contan nin sábados, domingos nin festivos) a

contar a partir do día seguinte ó da publicación desta resolución no BOP de Lugo. A documentación poderá presentarse por calquera dos medios establecidos na convocatoria para a presentación de instancias.

Igualmente, aquelas persoas que figuran como non acreditadas en canto ó coñecemento de galego, tamen disporán de dito prazo para presentar documentación acreditativa en caso de que conten con ela, en caso contrario serán citadas no seu día para a realización do exáme correspondente.

Barreiros, 28 de marzo de 2023.- A alcaldesa, Ana Belen Ermida Igrexas.

R. 0917

Anuncio

LISTA PROVISIONAL DE ADMISIÓNS E EXCLUSIÓNS DO PROCESO SELECTIVO DE PERSOAL LABORAL FIXO, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, QUENDA LIBRE, DUNHA PRAZA DE AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR (OEP 2022).

Examinada a documentación presentada polas persoas aspirantes ao proceso selectivo para cubrir unha praza de Auxiliar de Axuda no Fogar como persoal laboral fixo, mediante concurso-oposición, quenda libre, de acordo coas bases aprobadas e publicadas no BOP do 23 de decembro de 2022, apróbase a seguinte lista provisional de admisións e exclusións:

ADMISIÓNS:

APELIDOS E NOME	DNI
MARIA QUINTELA VILAS	***9904**
LIDIA LOPEZ LOPEZ	***6552**
MARIA JOSE LOPEZ RODRIGUEZ	***9258**
IVONILDA MESQUITA DE JESUS	***2574**
MARIA REMEDIOS CANDIA RIVAS	***4966**
BERTA OLIVEROS YANES	***9456**
VANESA SUAREZ RODRIGUEZ	***8534**
SARITA FERRER CAMPOS	***2419**
JOANICE BARROS MESQUITA	***5371**
NAYIBIS COROMOTO DIAZ AMARIS	****7609**
JENNIFER VALIÑA SANTE	***8237**
MARIA JOSEFA LOMBARDEO FERNANDEZ	***0753**
ANGELES CHAO CARREIRAS	***9494**
MARTA FERNANDEZ PEREZ	***4696**
JOSE LUIS BASULTO RUIZ	***4972**
MARIA ESTHER PUENTE DIAZ	***0270**
ISOLINA DORADO DOCOBO	***9988**
AMALIA JARTIN BAUTISTA	***4516**
VANESA LOPEZ RODRIGUEZ	***4202**

As persoas aspirantes omitidas en dita relación disporán dun prazo de dez días naturais contados a partir da publicación deste anuncio no BOP, para presentar reclamación ou subsanar os defectos que motivaron a súa omisión nesta relación. Se no dito prazo non se subsanan os defectos serán definitivamente excluídas da realización das probas.

No caso de non presentarse alegacións ou subsanacións, a lista provisional elevaráse a definitiva.

A Resolución pola que se aprobe a lista definitiva publicarase do mesmo xeito que a provisional, determinando así mesmo o lugar, data e hora de comezo das probas selectivas e composición do tribunal, e será determinante dos prazos a efectos de posibles impugnacións ou recursos.

Barreiros, 28 de marzo de 2023.- A alcaldesa, Ana Belen Ermida Igrexas.

R. 0918

CERVANTES

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA ORZAMENTO 2023

Aprobado definitivamente o Orzamento Xeral do Concello para o 2023 e comprensivo aquel do Orzamento Xeral deste Concello, as Bases de Execución e o plantel de persoal, de conformidade co artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, publícase o resumo do mesmo por capítulos:

ESTADO DE GASTOS	
OPERACIÓNS CORRENTES	1.153.095,00 €
CAPÍTULO 1: Gastos de Persoal	757.249,00 €
CAPÍTULO 2: Gastos Correntes en Bens e Servizos	381.775,00 €
CAPÍTULO 3: Gastos Financeiros	100,00 €
CAPÍTULO 4: Transferencias Correntes	13.971,00 €
OPERACIÓNS DE CAPITAL	277.251,00€
CAPÍTULO 6: Investimentos Reais	277.250,00 €
CAPÍTULO 7: Transferencias de Capital	1,00 €
CAPÍTULO 8: Activos Financeiros	0,00 €
CAPÍTULO 9: Pasivos Financeiros	0,00 €
TOTAL:	1.430.346,00 €
ESTADO DE INGRESOS	
OPERACIÓNS CORRENTES	1.242.603,00€
CAPÍTULO 1: Impostos Directos	251.983,00 €
CAPÍTULO 2: Impostos Indirectos	5.861,00€
CAPÍTULO 3: Taxas, Prezos Públicos e outros Ingresos	121.797,00 €
CAPÍTULO 4: Transferencias Correntes	862.911,00 €
CAPÍTULO 5: Ingresos Patrimoniais	51,00 €
OPERACIÓNS DE CAPITAL	187.743,00 €
CAPÍTULO 6: Alleamento de Investimentos Reais	1,00€
CAPÍTULO 7: Transferencias de Capital	187.742,00 €

CAPÍTULO 8: Activos Financeiros	0,00 €
CAPÍTULO 9: Pasivos Financeiros	0,00 €
TOTAL:	1.430.346,00 €

PLANTEL DE PERSOAL**A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA**

Denominación praza	Grupo	N.º Prazas	Nivel	Situación
1.HABILITACIÓN DE CARÁCTER NACIONAL				
1.1 Secretario-Interventor	A1	1	28	Ocupada
2.ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL				
2.1 Subescala Auxiliar Administrativo	C2	2	18	1 ocupada 1 vacante (cobertura interina)
3. ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL				
3.1 Subescala Técnica: Arquitecto/a	A1	1	24	Vacante (cobertura interina)

B) PERSOAL LABORAL FIXO: NINGÚN**C) PERSOAL LABORAL TEMPORAL**

Denominación praza	Nº. postos
Traballadora Social	1
Axente de Emprego e Desenvolvemento Local	1
Auxiliar Axuda no Fogar	25
Tractorista (Fomento do emprego Plan único 2022)	1
Limpador/a (Fomento do emprego Plan único 2022)	1
Conductor camión recollida lixo	1
Peón camión recollida lixo	1
Limpiadoras edificios municipais	2

A devandita aprobación poderá ser impugnada ante a Xurisdición Contencioso-Administrativa, cos requisitos, formalidades e causas sinaladas nos artigos 170 e 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e na forma e prazos que establecen as normas de devandita Xurisdición.

Cervantes, 27 de marzo de 2023.- O Alcalde, Benigno Gómez Tadín.

R. 0919

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

Visto a publicación no Boletín Oficial da Provincia núm. 56 de 9 de marzo do 2023 onde se publicaron as bases que han de regir na convocatoria para proveer mediante o sistema de concurso-oposición, promoción interna:

Unha praza de Técnico Unidade de Cultura, persoal laboral fixo, promoción interna.

Unha praza de administrativo, personal laboral fixo, promoción interna.

Onde di:

V. SOLICITUDES.

O prazo de presentación de solicitudes é de VINTE (20) días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

Debendodir:

V. SOLICITUDES.

O prazo de presentación de solicitudes é de VINTE (20) días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Os 20 días hábiles se contarán a partir da publicación desta corrección no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Monforte de Lemos, 29 de marzo de 2023.- O ALCALDE JOSÉ TOMÉ ROCA.

R. 0941

A PASTORIZA

Anuncio

RESULTADO DO PROCESO LIBRE EXCEPCIONAL PARA A CONSOLIDACIÓN E ESTABILIZACIÓN COMO PERSOAL LABORA FIXO DISCONTINUO DE TRES PEÓNS DA BRIGADA DE LIMPEZA E MANTEMENTO DA REDE VIARIA MUNICIPAL DO CONCELLO DA PASTORZA

Rematado o proceso libre excepcional para a consolidación e estabilización como persoal laboral fixo discontinuo dos postos de referencia, de conformidade coa base décima das convocatorias, faise público os resultados do proceso citado. A puntuación detallada dos méritos valorados consta na acta das sesións do tribunal que se atopa publicada no taboleiro de edictos da sede electrónica e taboleiro de edictos da Casa do Concello.

APELIDOS E NOME	DNI	CONCURSO		TOTAL
		EXPERIENCIA	FORMACIÓN	
SECO CORNIDE VALENTÍN	***2536**	29	0,9	29,9
SECO CORNIDE JOSE LUIS	***0387**	24	0,95	24,95
UZ RODRÍGUEZ RUBÉN	***4374**	0	9	9,2
CORBELLE ARES JOSÉ	***7732**	3	1,65	4,65
SECO EDREIRA GIOVANNI	***8534**	3	0,6	3,6
CANTO DÍAZ JOSÉ LUÍS	***4211**	3	0,2	3,2
LEDO PENA JOSÉ ALBERTO	***5975**	0	0	0

O tribunal propuxo a contratación dos candidatos que obtiveron a puntuación máis alta no concurso de méritos:

APELIDOS E NOME	DNI
SECO CORNIDE VALENTÍN	***2536**
SECO CORNIDE JOSE LUIS	***0387**
UZ RODRÍGUEZ RUBÉN	***4374**

De conformidade co disposto na Base Décima o Tribunal elevou a relación anterior, xunto coas actas ao Sr. Alcalde.

A publicación das puntuacións se realizará no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

Os aspirantes propostos, achegarán no prazo de vinte (20) días naturais, contados a partir da publicación da lista de aprobados no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no Rexistro Xeral do Concello, a documentación relacionada na base undécima, no caso de non tela presentado con anterioridade.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base, e agás nos caso de forza maior, ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base cuarta, os seleccionados non poderán ser contratados e quedarán anuladas as actuacións con respecto a este candidato/ta, procedéndose a contratar ao que lle siga na lista por orde de puntuación nas cualificacións, sempre que superara a totalidade dos exercicios, sen prexuízo da responsabilidade en que incorrera aquel por falsidade na solicitude de participación.

Contra o presente acordo poderá interpoñerse recurso de alzada no prazo de UN MES a contar dende o seguinte ao da publicación do presente anuncio no BOP de Lugo.

A Pastoriza , 29 de marzo de 2023.- O Alcalde- Presidente, Primitivo Iglesia Sierra.

R. 0942

PEDRAFITA DO CEBREIRO

Anuncio

CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL (SEIS PEÓNS) AO ABEIRO DO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS – PROGRAMA FOMENTO DE EMPREGO 2022

POSTO DE TRABALLO: SEIS PEÓN

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: No Rexistro Xeral do Concello de Pedrafita do Cebreiro ou a través de calquera dos medios que prevé o artigo 16.4 da Lei 39/15, de 01 de outubro, no prazo de **5 días hábiles**, contados a partir do seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOP. No suposto de presentarse a instancia fóra do Rexistro Xeral do Concello de Pedrafita do Cebreiro, será necesario adiantala por fax(982 367150), antes do remate do prazo, para que sexan tidas en conta.

SISTEMA DE SELECCIÓN: Concurso - Oposición, segundo o establecido nas bases que se encontran a disposición no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Pedrafita do Cebreiro

Pedrafita do Cebreiro, 27 de marzo de 2023.- O Alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 0920

SOBER

Anuncio

O pleno do Concello de Sober en sesión celebrada o 23.03.2023 adoptou o acordo de aprobación inicial da modificación do artigo 5ª da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos.

En cumprimento do disposto nos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local, e no artigo 56 do Real decreto lexislativo 781/1985, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido

das disposición legais vixentes en materia de réxime local, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días, que contarán desde o día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poida ser examinado e presentadas as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcorrido o devandito prazo non se presentaron alegacións, considerárase aprobado definitivamente o dito acordo.

Sober, 30 de marzo de 2023.- O Alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 0955

Anuncio

Aprobado inicialmente o Regulamento municipal de vivendas de alugueiro social do Concello de Sober por Acordo do Pleno de data 23.03.2023, de conformidade cos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 56 do Texto Refundido de Réxime Local, sométese a información pública polo prazo de trinta días laborais, a contar desde día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo para que poida ser examinado e presentar as reclamacións que se estimen oportunas.

Durante o dito prazo poderá ser examinado por calquera persoa interesada nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará ao dispor das persoas interesadas na sede electrónica deste Concello <https://concellodesober.sedelectronica.gal/info.0>

No caso de non presentarse reclamacións no citado prazo, entenderase definitivamente aprobado o Acordo de aprobación inicial do dito regulamento.

Sober, 30 de marzo de 2023.- O Alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 0956

Anuncio

Aprobación do cambio de uso Sistema Xeral Viario SE-V6 para incorporalo ao Sistema de Espazos Libres e Zonas Verdes existente SE-AJ4. (artigo 42.5 da LSG) (Expediente 484/2022).

O Pleno do Concello de Sober, en sesión ordinaria do día 23 de marzo de 2023, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.- *Aprobar o cambio de uso da porción do terreo da praza do Concello pertencente ao Sistema Xeral Viario SE-V6 para incorporalo ao Sistema de Espazos Libres e Zonas Verdes existente SE-AJ4.*

Segundo.- *Publicar o presente acordo no BOP e no DOG, e remitilo á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, aos efectos da súa inscrición no Rexistro de Planeamento de Galicia.*

Terceiro.- *Notificar este acordo a asistencia técnica municipal en materia de urbanismo, para o seu coñecemento.*

Sober, a 30 de marzo de 2023.- O Alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 0957

TABOADA

Anuncio

EXPOSICIÓN PÚBLICA DA MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE 2023. ANEXO DE SUBVENCIONS NOMINATIVAS E BASE DE EXECUCIÓN 36. SUBVENCIÓN NOMINATIVA COFRADÍA DO SANTO ENCONTRO DE TABOADA. (EXP G102/2023).

Aprobado inicialmente en sesión extraordinaria de Pleno deste Concello, de data 27 de marzo de 2023, a modificación das Bases de Execución do orzamento de 2021, de acordó ao previsto no artigo 169 do Texto Refundido da lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, exponse ao público o expediente e a documentación preceptiva por prazo de quince días desde a publicación deste anuncio, aos efectos de reclamacións e alegacións.

De conformidade co acordo adoptado a modificación considerárase definitivamente aprobada, se durante o citado prazo non son presentadas reclamacións.

Taboada, 28 de marzo de 2023.- O Alcalde, Ramiro Moure Ansoar.

R. 0913

Anuncio

EXPOSICIÓN PÚBLICA DA MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE 2023. ANEXO DE SUBVENCÍONS NOMINATIVAS E BASE DE EXECUCIÓN 36. SUBVENCIÓN NOMINATIVA ACIMTA. (EXP G106/2023).

Aprobado inicialmente en sesión extraordinaria de Pleno deste Concello, de data 27 de marzo de 2023, a modificación das Bases de Execución do orzamento de 2021, de acordó ao previsto no artigo 169 do Texto Refundido da lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, exponse ao público o expediente e a documentación preceptiva por prazo de quince días desde a publicación deste anuncio, aos efectos de reclamacións e alegacións.

De conformidade co acordo adoptado a modificación considerárase definitivamente aprobada, se durante o citado prazo non son presentadas reclamacións.

Taboada, 28 de marzo de 2023.- O Alcalde, Ramiro MoureAnsoar.

R. 0914

XERMADE

Anuncio

aprobación definitiva do Regulamento de títulos, honras e distincións do Concello de Xermade

Ao non se presentaren reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario adoptado na sesión ordinaria celebrada o 9 de febreiro de 2023, de aprobación inicial do Regulamento de títulos, honras e distincións do Concello de Xermade, o texto íntegro do cal faise público, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Contra o presente acordo interporase recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, con sede en Praza de Galicia, s/n de A Coruña, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

“REGULAMENTO DE TÍTULOS, HONRAS E DISTINCIÓNS DO CONCELLO DE XERMADE

Exposición de motivos

A Constitución Española de 1978 recoñece aos municipios, ás provincias e as comunidades autónomas autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses. É o artigo 140 o que consagra o principio de autonomía local, polo que o goberno e a administración corresponden a cada un dos concellos.

O Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986 do 28 de novembro, dedica parte do título VI, artigos 186 a 190, a regular as honras e distincións das entidades locais. Así, o artigo 189 sinala que as corporacións locais poderán acordar a creación de medallas, emblemas, distincións ou outros distintivos honoríficos, co fin de premiar especiais merecementos, beneficios sinalados ou servizos extraordinarios, así como acordar nomeamentos de fillos/as predilectos/as e adoptivos/as e de membros honorarios da Corporación, atendidos os méritos, calidades e circunstancias singulares que concorran nas persoas galardoadas.

Por todo isto, é manifesta a necesidade do Concello de Xermade, en virtude da súa potestade de autoorganización, de aprobar un Regulamento para a concesión de distincións.

Capítulo I. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto e clasificación

1. Os títulos, honras e distincións que poderá conferir o Concello de Xermade, incluso con carácter póstumo, para premiar especiais merecementos ou servizos extraordinarios, serán as seguintes:

- a) Medalla do Concello de Xermade.
- b) Título de Fillo/a predilecto/a e fillo/a adoptivo/a.
- c) Cronista oficial de Xermade.

2. Poderanse distinguir de forma honorífica a persoas, institucións ou entidades dando o seu nome a vías municipais, establecementos, centros ou instalacións do Concello de Xermade.

A distinción tamén se poderá materializar mediante a instalación dunha placa.

No caso de establecementos, centros ou instalacións do Concello de Xermade, procurarase que estean relacionados coa actividade desenvolvida polas persoas ou institucións obxecto de distinción.

3. A concesión de títulos, honras e distincións recoñecerán méritos extraordinarios que concorran en personalidades, entidades ou corporacións, por ter prestado servizos ao municipio, dispensado honras ou producido beneficios sociais, culturais, turísticos, cidadáns, artísticos, musicais, deportivos, empresariais, científicos ou similares.

Artigo 2. Carácter dos títulos, honras e distincións

1. Os anteriores títulos, honras e distincións teñen carácter exclusivamente honorífico polo que non xerarán dereito administrativo, nin conlevarán o dereito a ningunha indemnización nin terán efecto económico.

2. As persoas titulares das distincións de Medalla do Concello de Xermade, fillo/a predilecto/a, fillo/a adoptiva e de cronista oficial de Xermade disporán dun lugar reservado nos actos oficiais aos que sexan convocados polo Concello de Xermade.

Artigo 3. Revogación, limitacións e prohibicións

1. Os títulos, honras e distincións poderán ser revogados se os/as titulares realizan actos ou manifestacións contrarias aos motivos que xustificaron a súa concesión ou que de existiren no momento do outorgamento non o permitirían.

2. A revogación será acordada polo mesmo órgano que concedeu a honra, coa mesma maioría prevista para o nomeamento, logo da tramitación do correspondente expediente e de dar audiencia á persoa interesada ou ás que a sucedan.

3. Dado que un grande número de concesións honoríficas podería chegar a desmerecer a súa finalidade última, cal é a exemplaridade e o estímulo, deberán concederse con criterios restritivos.

4. Non poderán concederse os títulos, honras, nin distincións aquí reguladas aos membros da Corporación municipal en tanto exerzan os seus cargos, nin tampouco a persoas que desempeñen altos cargos na Administración estatal, autonómica ou provincial e, en xeral, a aquelas persoas respecto das cales a Corporación se atope en relación subordinada de xerarquía, función ou servizo, en tanto subsistan esas circunstancias.

Capítulo II. Clasificación e requisitos das distincións.

Artigo 4. Medalla do Concello de Xermade

1. A concesión da medalla do Concello de Xermade outorgarase a aquelas persoas físicas ou entidades públicas ou privadas que destaquen polos seus merecementos e a súa traxectoria no sector turístico, cultural, veciñal, artístico, musical, deportivo, empresarial, social, científico ou similares.

2. A aprobación da concesión desta distinción requirirá acordo plenario adoptado pola maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

3. Esta distinción correspóndese coa imposición dunha medalla co escudo do Concello de Xermade e coa entrega dun diploma artístico co escudo de Xermade, con breve mención dos merecementos e entregarse nun acto solemne, procurando que coincida coa data dalgunha festividade local.

Artigo 5. Título de fillo ou filla predilectos.

1. O título de fillo ou filla predilecto/a de Xermade distingue persoas, nadas en Xermade que destacasen polos seus méritos ou calidades persoais, especialmente nos ámbitos cultural, científico, social, artístico, deportivo, político ou económico, ou por servizos prestados en beneficio do municipio.

2. A aprobación da concesión desta distinción requirirá acordo plenario adoptado pola maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

3. Esta distinción correspóndese coa entrega dun pin de solapa co escudo do Concello de Xermade e un diploma artístico co escudo de Xermade no que constará unha breve mención dos merecementos.

Artigo 6. Título de fillo ou filla adoptiva.

1. O título de fillo ou filla adoptivo/a de Xermade poderá outorgarse as persoas que, sen naceren no municipio, manteñan vínculos persoais con ela e que destacasen polos seus méritos ou calidades persoais, especialmente nos ámbitos cultural, científico, social, artístico, deportivo, político ou económico, ou por servizos prestados en beneficio do municipio.

2. A aprobación da concesión desta distinción requirirá acordo plenario adoptado pola maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

3. Esta distincións correspondese coa entrega dun pin de solapa co escudo do Concello de Xermade e un diploma artístico co escudo de Xermade no que constará unha breve mención dos merecementos.

Artigo 7. Cronista oficial de Xermade

1. O título de cronista oficial de Xermade poderá concederse a aquelas persoas físicas que acreditaran un profundo coñecemento do pasado histórico de Xermade mediante publicacións científicas e actividades culturais relevantes.

2. A proposta de iniciación do expediente debera acompañarse dunha memoria na que se especifiquen os méritos que concorran na persoa que se propón, xunto cunha recensión biográfica e bibliográfica.

3. O expediente será informado polo persoal técnico do departamento de cultura.

4. A aprobación da concesión desta distinción requirirá acordo plenario adoptado pola maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

5. Esta distinción correspóndese coa imposición dun pin de solapa co escudo do Concello de Xermade e un diploma artístico co escudo de Xermade no que constará unha breve mención dos merecementos, e levarase a cabo nun acto solemne, procurando que coincida coa data dalgunha festividade local.

Artigo 8. Dedicación/denominación de lugares públicos de Xermade

1. Correspóndelle ao Pleno da Corporación, por maioría absoluta do número legal dos seus membros a proposta da Alcaldía, outorgar a vías municipais ou a establecementos, centros ou instalacións do Concello de Xermade o nome de persoas físicas, organismos, institucións e entidades que, a xuízo da Corporación, reúnan méritos suficientes, sexa por servizos e actividades especiais realizados a favor do municipio no caso de organismos, institucións e entidades, ou pola súa relevancia indiscutible no ámbito científico, cultural, artístico, deportivo, social etc., no caso de persoas físicas.

2. En casos puntuais, e para evitar prexuízos de indefinición transitoria aos/as residentes das vías municipais incluídas neste suposto, poderá empregarse ata que se denominen definitivamente a identificación alfanumérica.

3. Garantirase a equidade de xénero na denominación das vías municipais e dos establecementos, centros ou instalacións do Concello de Xermade outorgadas a persoas físicas, en consonancia co disposto na normativa correspondente.

4. As denominacións con nomes comúns corresponde á Xunta de Goberno Local e darase preferencia ao uso da toponimia e microtoponimia local entre as propostas de denominación de lugares públicos de Xermade, como mostra do apoio á conservación e posta en valor do seu patrimonio material e inmaterial.

Capítulo III. Procedemento para a concesión de títulos, honras e distincións

Artigo 9. Iniciación e tramitación

1. A concesión da medalla do Concello de Xermade, dos títulos de fillo/a predilecto/a, fillo/a adoptivo/a, cronista oficial de Xermade, así como a denominación de vías ou de establecementos, centros e instalacións municipais, a instalación de placas ou elementos análogos, e o irmandamento con outras cidades a que se refire este regulamento, requirirá a instrución previa do oportuno expediente que servirá para determinar os méritos ou circunstancias que aconsellen a concesión e rexerese por este regulamento, con aplicación supletoria do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (R.D. 2568/1986, do 28 de novembro) ou a disposición que se é o caso o substitúa.

2. Calquera persoa, entidade ou asociación poderá facer propostas mediante escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello ou a través da sede electrónica, dirixido á Alcaldía.

3. Os anteditos procedementos iniciaranse mediante decreto da Alcaldía, ou por requirimento dunha terceira parte dos membros que integran a Corporación, para a concesión da medalla de Xermade e dos títulos de fillo/a predilecto/a, fillo/ adoptivo/a, cronista oficial de Xermade, así como para as propostas de denominación de espazos públicos e irmandamentos.

4. Na resolución ou acordo polo que se inicie o expediente, designarase instrutor de entre os Concelleiros/as que formen parte da Corporación.

5. O/A instrutor/a do expediente practicará cantas dilixencias estime necesarias para a máis depurada e completa investigación dos méritos da persoa proposta, tomando e recibindo declaración de cantas persoas ou entidades poidan subministrar información, e fará constar todas as declaracións ou pescudas, informes, datos, referencias, antecedentes, etc., que se consideren oportunos, tanto de carácter favorable como adverso á proposta inicial.

6. Este período de informacións terá a duración que sexa necesaria para a práctica das dilixencias expresadas, que non poderá exceder de 6 meses, salvo razón xustificada.

7. Terminada a fase informativa, a persoa instrutora formulará a súa proposta, que poderá ser, favorable, coa recomendación de que se prosiga coa tramitación da honra ou distinción, ou desfavorable, por non considerarse suficientemente acreditados os méritos do candidato.

A proposta deberá conter unha listaxe de méritos da persoa candidata á honra ou distinción.

8. Esta proposta será dirixida á Alcaldía, que procederá a valorala. Darase conta, así mesmo, á Xunta de Voceiros.

9. Recibida a proposta da persoa instrutora, e oída a Xunta de Voceiros, a Alcaldía poderá optar entre solicitar máis dilixencias ou remitir a proposta, con todo o actuado, ao Pleno do Concello para a adopción do acordo correspondente.

Capítulo IV. Loito oficial e honras fúnebres no Concello de Xermade

Artigo 10. O loito oficial

1. A Alcaldía poderá acordar mediante decreto a declaración de loito oficial cando circunstancias ou feitos de especial transcendencia así o requiran.

2. No decreto da Alcaldía incluíranse todas e cada unha das accións que se vaian desenvolver en sinal de respecto e condolencia.

3. No casos en que a declaración de loito oficial veña acordada por outras institucións ou administracións públicas de ámbito internacional, comunitario, estatal ou autonómico, estarase ao preceptuado pola correspondente declaración.

Artigo 11. Outras honras fúnebres

No caso do pasamento dalgún membro da Corporación municipal procederáse, previa reunión da Xunta de Portavoces, a realizar, entre outras, as seguintes accións:

- Declaración institucional de condolencias
- Entrega de homenaxe floral
- Presencia institucional nos actos fúnebres
- Calquera outra que incida en significar e difundir o presas da Administración, tales como a suspensión de actos públicos oficiais

Capítulo V. Irmandamento

Artigo 12. Obxecto, requisitos e procedemento

1. O Concello de Xermade poderá decidir o irmandamento con outros municipios, cidades ou localidades co fin de desenvolver vínculos de amizade. É o nivel máis elevado que pode alcanzar a cooperación con outras cidades ou colectividade análogas. Estará baseado na existencia de valores compartidos, vínculos históricos, culturais, lingüísticos, económicos e similares capaces de xerar unha relación permanente entre elas.

2. Os irmandamentos poderán celebrarse con cidades españolas, europeas ou de calquera outro estado recoñecido por España. Non se celebrarán con cidades que pertencen a estados cuxos sistemas políticos non respecten os principios de democracia e os dereitos humanos ou nos que se practique calquera tipo de discriminación incompatible cos valores democráticos, salvo que o seu obxecto específico e preferente de superar esa situación e apoiar a recuperación das liberdades estea debidamente xustificado no expediente.

3. Os obxectivos perseguidos poderán ser:

- a) Favorecer a creación de sentimentos de proximidade entre a cidadanía, promovendo o mantemento de relacións pacíficas entre os pobos, a resolución de conflitos pola vía do diálogo, a cooperación e o dereito, a tolerancia entre as diversas culturas e civilizacións e, en xeral, os valores establecidos na Carta das Nacións Unidas.
- b) Fomentar a aproximación da poboación, o incremento do turismo, os intercambios educativos, tecnolóxicos e culturais, e a solidariedade coas situacións de crise ou necesidade.
- c) Estimular a realización de proxectos que supoñan o intercambio de coñecementos, tecnoloxías, arte e cultura.
- d) Crear redes de cooperación coas cidades irmandadas para o desenvolvemento de boas prácticas, o intercambio de experiencias e a análise e proposta de solucións en temas concretos de interese común.
- e) En xeral, calquera outro obxectivo de interese común que contribúa ao establecemento de vínculos de amizade e colaboración para fins pacíficos e de superación dos obstáculos ao respecto e a tolerancia das diferenzas entre os pobos, culturas ou civilizacións.

4. Iniciarase o procedemento de acordo co artigo 11 deste regulamento. Do mesmo xeito, a proposta poderá proceder da cidade que pretende o irmandamento con Xermade.

5. O expediente será instruído pola Secretaría municipal, para o que se redactará un informe sobre os vínculos existentes, os obxectivos e as posibilidades de financiamento dos gastos. Terá que quedar reflectida a conformidade do órgano de goberno da cidade coa que se pretende celebrar o irmandamento.

A adopción do acordo de irmandamento requirirá para a súa aprobación acordo adoptado pola maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

6. Salvo que se trate dunha cidade española, a intención de celebrar o irmandamento comunicarase ao Ministerio competente en materia de administracións públicas e ao Ministerio de Asuntos Exteriores para os efectos oportunos.

7. Cumpridos os requisitos anteriores, procederase de xeito conxunto á redacción dun proxecto de protocolo de irmandamento.

8. O protocolo de irmandamento conterá, ademais das mencións xerais de lugar, data, persoas que interveñen e carácter co que actúan, as finalidades e obxectivos que pretenden alcanzar.

Capítulo VI. Libro de títulos, honras e distincións

Artigo 13. Rexistro

1. A Secretaría Xeral do Concello de Xermade establecerá e manterá un rexistro permanente de todas os títulos, honras e distincións outorgadas, consignando en seccións separadas para cada unha delas e por orde cronolóxica, os acordos de concesión, datas, titulares, motivos do outorgamento, lugar e acto en que tivo lugar a imposición, e, en xeral, cantos datos sexan de utilidade.

2. Os irmandamentos anotaranse nun capítulo especial do Libro de títulos, honras e distincións.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

Mantéñense vixentes a todos os efectos os títulos, honras e distincións outorgados polo Concello con anterioridade a entrada en vigor deste regulamento que se farán constar no correspondente libro.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA.

O presente regulamento permanecerá vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente regulamento entrará en vigor tras a súa aprobación definitiva, unha vez publicado integramente no BOP e transcorrido o prazo a que se refire o artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 abril, reguladora das bases do réxime local.”

Xermade, 28 de marzo de 2023.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 0921